

Concurso de Traballos por Proxectos 2022-23

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO: A PINTURA: PINTORES E PINTORAS

Código: 32000356

Centro: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Localidade: AMOEIRO **Provincia:** OURENSE

ÍNDICE:

1. Introducción.....	1
1.1 Xustificación	1
1.2 Relación cos elementos curriculares.....	1
1.3 Participantes.....	3
1.4 Temporalización	4
2. Obxecto	4
3. Proceso	5
4. Documentación	8
5. Tarefas	9
6. Recursos	13
7. Implicación	15
8. Difusión	15
9. Avaliación.....	15
10. Biblioteca	16

1.- INTRODUCCIÓN

1.1 Xustificación

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. “A educación artística desencadea mecanismos que permiten desenvolver distintas capacidades que inflúen directamente na formación integral do alumnado, tanto de xeito individual coma grupal.”

Neste contexto o CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo enmarca o seu proxecto escolar **A Pintura: Pintores e Pintoras** para o curso 2022/2023, recentemente rematado.

1.2 Relación cos elementos curriculares

A elección desta temática, acordada no claustro final de curso 2022, desenvolve de maneira prioritaria a competencia en conciencia e expresión culturais. Se ben somos coñecedores de que a área artística vén a situarse nun lugar privilexiado para a transversalidade. Xunto a esta competencia, o noso proxecto desenvolve as seguintes:

- **Competencia en comunicación lingüística:** A través da selección de información a partir da lectura comprensiva de fontes diversas relacionadas co PDI (obras seleccionadas desde a biblioteca, internet, prensa...) e a súa expresión en traballos tanto orais como escritos en diferentes soportes (textos, paneis informativos, podcasts, liñas do tempo...).
- **Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):** A partir do traballo da cor, a medida, formas xeométricas, proporcións, liñas temporais, obradoiros electrónicos, de programación e robótica (escornabots)...
- **Competencia dixital (CD):** A través da busca guiada na rede e interpretación da información sobre o PDI, así como o uso de ferramentas e plataformas virtuais para a elaboración de diferentes contidos dixitais (*genially, canva...*) cunha actitude aberta e responsable no uso das TIC.

- **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA):** Mediante a expresión das propias emocións a través do arte así como o recoñecemento e respecto cara as emocións e experiencias dos demais e a participación activa do traballo en grupo asumindo as responsabilidades propias para o fin común. Ademais a aprendizaxe por proxectos obriga ao alumnado a empregar estratexias de planificación, de avaliación do proceso e do resultado, de maneira que se sinta protagonista da súa propia aprendizaxe.
- **Competencia cidadá (CC):** Participando en actividades grupais de maneira respectuosa seguindo procedementos democráticos. Reflexionando sobre a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, rexeitando prexuízos e calquera forma de discriminación ou violencia. (Las Sinsombrero a partir da figura de Maruja Mallo, a condena ao ostracismo de Julia Minguión, a denuncia da violencia machista de Frida Kahlo...)
- **Competencia emprendedora (CE):** Elaborando e planificando tarefas, cooperando en equipo e valorando o proceso realizado e o resultado obtido.
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** coñecendo e valorando as manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio (traballando contidos do PDI), expresando ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio das producións artísticas elaboradas (creación do museo), desenvolvendo a autoestima e interactuando coa contorna (encontro con Antón Pulido).

Para desenvolver este proxecto teremos en conta unha serie de obxectivos, a partir dos cales propomos como prioritarios os seguintes contidos e criterios de avaliación:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica.	Distingue propostas artísticas dos diferentes artistas traballados a través da recepción activa e amosando curiosidade por elas.

Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.	Produce e/ou participa na creación de obras propias e/ou conxuntas expresando ideas e emocións.
Vocabulario específico das artes plásticas.	Manifesta un aumento de vocabulario específico en relación ao proxecto.
Recursos dixitais para as artes plásticas.	
Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais	Selecciona e aplica estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.
Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.	Respecta e valora as producións propias e as alleas, sen amosar ningún tipo de discriminación.
Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.	Emprega a biblioteca como lugar de investigación e traballo.
Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.	Emprega os recursos da biblioteca para investigar sobre as diferentes propostas realizadas no proxecto.

1.3 Participantes

No proxecto participou todo o alumnado do centro (74 nenos/as) grazas á implicación da totalidade do claustro (11 mestres/as). Tanto os titores e titoras coa súa labor dentro das aulas, como os/as diferentes mestres/as especialistas colaborando na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto. O proceso estivo coordinado polo Equipo de

Biblioteca. Outros equipos docentes tamén participaron activamente, como o EDLG, o Equipo de Dinamización das TIC e o Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

As familias tamén amosaron a súa colaboración activa en todas aquelas propostas que se realizaron desde o centro.

1.4 Temporalización

En canto á temporalización do proxecto comezou no mes de outubro (xornada de motivación coa busca do tesouro) e rematou o 20 xuño coa xornada de portas abertas á toda a comunidade educativa previa a gran inauguración do museo o día 19 de xuño. En relación ao calendario das tarefas previstas, segundo se recolle no [tríptico do proxecto](#), o primeiro trimestre adicouse á fase de presentación, motivación e aproximación ao tema (de onde partimos e a onde queremos chegar); no segundo trimestre estivemos inmersos na fase de investigación e planificación dos produtos finais e xa no terceiro trimestre tocou a realización, exposición e divulgación do proxecto. Ademais tamén levamos a cabo a avaliación do PDI.

2.- OBXECTO

O obxecto de investigación foi “A Pintura: Pintores e Pintoras”. Decidiuse escoller, polo menos, un pintor/a de orixe galego por grupo sobre o que traballar e investigar, achegando así a nosa mirada a contorna máis próxima e dándolle visibilidade a riqueza que nos rodea.

Así os artistas elixidos foron os seguintes:

Infantil	Joan Miró
	Menchu Lamas
1º de EP	Frida Kahlo
	Luis Seoane
2º de Educación Primaria	Antón Pulido
	Carmen Rodríguez de Legísima
3º e 4º de Educación Primaria	Salvador Dalí
	Julia Minguillón
5º e 6º de Educación Primaria	Piet Mondrian
	Maruja Mallo
Área de Educación Artística en EP	Pablo Ruíz Picasso

3.- PROCESO

1. Xornada de Motivación: O inicio do noso proxecto comezou en outubro coa organización dunha busca do tesouro coincidindo coa celebración do Samaín. Organizáronse grupos mixtos de alumnado (de 3 a 12 anos) identificados con chapas elaboradas polo alumnado colaborador da biblioteca. Cada grupo ía pasando por sete obradoiros organizados selando en cada un deles a súa “Compostela”. Ao rematar o último obradoiro esta compostela trocábase por unha chave coa que cada grupo tentaba abrir a caixa misteriosa con pistas para adiviñar a temática do PDI deste curso. Xa todos reunidos probaron as chaves ata que unha delas abriu a caixa na que se atopaban unha paleta, pinceis, miniaturas de cadros e pinturas. Enseguida adiviñaron o tema a traballar e amosáronse encantados con el. Tamén estaba preparado un “photocall” para que todos se fotografasen no cadro “El Grito” de Munch, moi acorde tanto co PDI coma co Samaín. Nesta primeira sesión tamén se organizou unha choiva de ideas xeral para identificar os coñecementos previos cos que contaba o alumnado.

2. A partir deste primeiro momento, cada mestre foi desenvolvendo a súa liña de investigación dentro do seu grupo-aula seguindo os pasos normalizados para a realización dos PDI tendo en mente que o produto final do PDI sería a organización dun museo no que se expoñerían as obras realizadas en diferentes salas cos autores traballados.

3. Ao longo do curso escolar, ademais das diferentes liñas de investigación traballadas en cada grupo, organizáronse diversidade de actividades que implicaron a todo o centro:

- NADAL: elaboración dunha gran árbore de Nadal na que cada neno e nena traballou unha árbore decorada con motivos representativos de pintores recoñecidos (Miró, Picasso, Kandinsky, Keith Haring, Hervé Tullet e Van Gogh).
- DÍA DA PAZ: Todo o alumnado participou na reprodución dunha das moitas pombas pintadas por Picasso nunha das paredes do patio cuberto.
- MANDAS DO MECO: A nosa mascota Faragullas ía mandando traer cada día algo característico dalgún dos pintores traballados. Faragullas esperábase na porta (cumprindo

a manda) acompañado dun gran lenzo en branco que contaba cunha pequena biografía e algúns dos cadros máis característicos de cada un. Todo o alumnado foi pasando ao longo do día para pintar o que lle suxerira o pintor e/ou os seus cadros: retratos do pintor, copias das obras expostas, etc.

- ✓ [Se queres pintar aquí, trae un bigote como o de Dalí.](#)
- ✓ [Dálle a este Entroido máis vida, trae flores como as de Frida.](#)
- ✓ [Ollos, paxaros e estrelas portarás e un cadro de Miró parecerás.](#)
- ✓ [Se queres que o Entroido sexa divertido, trae rizos como os de Antón Pulido.](#)
- ✓ [Imita a obra de Mondrian traendo cores na cara, no corpo e na man.](#)

- [ENTROIDO](#): Todo o alumnado e profesorado veu disfrazado en relación ao tema e houbo de todo: pintores, paletas, cadros... e algúns deles moi orixinais.
- Tanto no [Día de Rosalía de Castro](#) como no [Día das Letras Galegas](#) empregáronse os retratos de Rosalía e Fernández del Riego, feitos por Antón Pulido, pintor da nosa contorna.
- [8M](#): Día Internacional da Muller: Decorouse un corredor ao lado da aula de 1º coa figura de Frida Kahlo, pintora traballada nese curso e símbolo do feminismo a nivel mundial.
- [Visita de Migallas](#): O grupo Migallas veu ao cole o día 8 de marzo co seu espectáculo “Elas pintan moito” no que combinan contos con música en directo baseada na vida e obra de catro pintoras, dúas das cales estaban a ser traballadas no centro: Frida Kahlo e Julia Minguión. Ademais de coñecer as principais obras desas pintoras tamén descubrimos facetas da súa vida persoal que as converteron en modelos de independencia fronte aos prexuízos machistas da sociedade que as rodeaba.
- [Semana da Prensa](#): Traballamos con xornais físicos e dixitais para atopar novas relacionadas coa pintura.
- [Pintando con escornabots](#): Acoplando uns rotuladores a varios escornabots o alumnado puido deixar voar a súa creatividade e elaborou unha obra abstracta soamente empregando estes recursos.

- [Obradoiros con Paola Guimeráns:](#) Contamos coa visita desta especialista en e-téxtiles aplicados á educación que adaptou o seu obradoiro ao noso proxecto. Así o alumnado de 3º a 6º traballou co programa Scratch e coas Makey-Makey elaborando unha ficha interactiva de Dalí (3º e 4º) e de Mondrian (5º e 6º) empregando o grafito dun lapis como material condutor. O alumnado de 1º e 2º experimentou cos circuítos en papel elaborando unha postal luminosa dos autores traballados: Frida Kahlo (1º EP) e Antón Pulido (2º EP). O alumnado de infantil traballou coa plastilina condutora tendo que axudar os Mironins (personaxes que parecen deseñados por Miró) a recuperar as luces e as cores dos cadros dun museo que quedou sen luz.
- [II concurso creativo de deseño para o muro exterior con motivo do día do Libro e temática do PDI: A Pintura: Pintores e Pintoras.](#) Todo o alumnado do centro participou no concurso. Fíxose unha selección dos traballos máis orixinais e/ou característicos e plasmáronse no muro exterior. Ademais, todos os traballos presiden a entrada ao noso museo ao redor do cartaz “Amoeiro: Terra de artistas” que se elaborou para o Entroido. [Neste proceso participou todo o alumnado e profesorado coordinados pola profe Rosa.](#)
- [Espazo creativo “Antón Pulido”:](#) A comezos de marzo, despois de investigar sobre Antón Pulido, contando cunha aula moi deteriorada (antigo laboratorio) decidimos transformala e darlle o nome do gran pintor nado na nosa comarca para renderlle homenaxe. Comezamos baleirándoa e arrincando os encerados. Elaboramos un gran mural na parede de azulexo inspirados na obra de Pulido e quedou impresionante. Vendo o mural e o resto da aula (había gran disparidade) decidimos pedir axuda para acabar coa transformación. A Deputación de Ourense e a Consellería de Educación déronnos o apoio económico necesario e convertémola no gran espazo creativo. No *enlace* pódese ver o vídeo do proceso.
- [Visita de Antón Pulido:](#) Convidamos a Antón Pulido a un encontro con todo o alumnado do centro e aceptou encantado. Cando rematou de contarlles cousas da súa vida e das súas obras, démoslle a gran sorpresa e pedímoslle que nos acompañara [a inauguración do](#)

[espazo](#) que xa levaba o seu nome: emocionouse moito. Ao acto tamén asistiron representantes da Asesoría de Bibliotecas Escolares (Loli), do Concello de Amoeiro (a Tenente de Alcalde), de Inspección Educativa (Luis Jar), e o delegado da Xunta de Galicia en Ourense, Gabriel Alén.

- Exposición final: [O NOSO MUSEO](#): Despois de inaugurar o espazo creativo, todos os convidados baixaron a inaugurar o NOSO MUSEO onde os esperaban todos os nenos e nenas para cantarlles a canción “Ao pasar por Amoeiro” adaptada por Elvira a partir da canción “Camariñas”. Ao remate visitaron o museo e quedaron abraiados coa gran cantidade de obras e traballos elaborados durante o curso. [Vídeo da visita virtual polo museo](#).
- No festival verán celebrado no centro todas as familias puideron visitar á entrada ou á saída, tanto o noso museo como o novo espazo creativo Antón Pulido. Ademais, os [mestres cantamos unha canción adaptada](#) pola mestra de música para render homenaxe á mestra Ana que se xubila este curso, á Antón Pulido e ao noso proxecto.
- Para desexar bo verán, empregouse a [dedicatoria que nos fixo Pulido](#) na súa visita.

4.- DOCUMENTACIÓN

Elaborouse un [tríptico coa información máis básica](#) e relevante para o desenvolvemento do proxecto: liñas e propostas de investigación, propostas doutras actividades a realizar e de efemérides relacionadas co PDI, proposta de produto final e datas para a realización do proxecto.

Por outra banda, achegouse a [ficha a traballar para cada pintor/a](#) para que todos os cursos recollesen a mesma información de cara a expoñelas no museo co mesmo formato para todos.

A biblioteca adquiriu unha boa selección de fondos relacionados coa pintura e os pintores/as sempre atendendo aos títulos propostos polos mestres que estaban nas diferentes liñas do PDI e confeccionou [un díptico coas novidades](#) e un [documento con bibliografía relacionada co PDI](#).

Ademais, seleccionáronse vídeos e páxinas web para traballar nas aulas e elaboráronse os diferentes carteis, fichas e documentos para o correcto desenvolvemento das actividades. Por último sempre se coordinou, orientou e aconsellou ante calquera dúbida xurdida.

5.- TAREFAS

A parte das actividades realizadas por todo o alumnado explicadas no segundo punto (busca do tesouro, árbores de Nadal, pomba, procura de novas relacionadas co PDI, escornabots, ...) cada grupo traballou aos seus pintores na aula como se detalla a continuación para ir, [pouco a pouco, conformando o gran museo final](#). Cada sala estaba separada das outras por un cadro/mural en gran formato elaborado nas caixas das pantallas de 75" que nos mandou a Consellería.

Educación Infantil (24 alumnos/as): No primeiro trimestre, a partir da xornada de motivación, pasaron á fase de que sabemos e de que queremos aprender. [Experimentaron coas cores](#), consultaron libros e viron vídeos acordes ao seu nivel. Tamén comezaron a traballar a figura de **Joan Miró** botando man dos Mironins (personaxes que parecen sacados dun cadro de Miró) para motivar e centrar a atención dos máis cativos. Coa axuda destes personaxes achegáronse á súa biografía, ás súas obras máis importantes e outros datos de interese. Reproduciron moitas das súas obras:

- [“Azul II”](#) en cartolinas con témperas estampadas, plastilina e rotulador.
- [“Perro ladrando a la luna”](#) con ceras brandas sobre cartolina negra.
- [“La bailarina”](#) sobre cartolina azul con témperas, bastoncillos, Manley e rotuladores.
- [“El nacimiento del día”](#) reproducida libremente con rotuladores e témperas.
- [“Autorretratos”](#) con témperas sobre follas de xornais.
- [“El oro de Azur”](#) debuxado en tapas de caixas de zapatos usando material diverso.
- [Esculturas](#) con plastilina ao estilo Miró: reprodución libre.
- [A obra de gran formato](#) ten elementos de cadros representativos como “O Galo”, “O Xardín” e outros propios da súa obra.

No terceiro trimestre centráronse na figura de **Menchu Lamas**. Despois do achegamento á súa vida e obra e do coñecemento das súas liñas artísticas e trazos característicos, o alumnado tivo maior liberdade (reproducción de figuras, elección de cores...):

- Tendo en conta que para Menchu Lamas era fundamental estar "dentro da súa obra", cada neno/a fixo unha [reinterpretación daqueles cadros da autora](#) nos que aparece a silueta humana e, con diferentes materiais plásticos, realizaron o deseño e engadiron a súa fotografía en branco e negro para crear contraste.
- Baseándonos na exposición "*Anda-Ven-Vuela*" cada neno/a escolleu unha das súas obras e reproduciuna en papel "envellecido" con témperas e ceras de cores moi vivas.
- [No mural de gran formato](#) decidiron plasmar diferentes cadros: "Sombras", "Home-Árbore" e "Gato".

Ao final de curso, cada alumno levou un gran [cartafol coas fichas elaboradas](#).

En **PRIMEIRO DE PRIMARIA (10 alumnos/as)**: ademais do traballo de investigación con diferentes libros e vídeos centráronse en:

- **Con Frida Kahlo** aprenderon a pintar autorretratos; fixeron un autorretrato en acuarela todos xuntos en tamaño grande e despois cada un fixo un autorretrato en témpera da pintora. No mural a gran formato puxeron frases representativas de Frida, escribiron mensaxes cheas de optimismo e decorárono todo con flores.

Construíron a casa azul de Frida cunha caixa reciclada pintándoa e decorándoa con flores e imaxes dela. Tamén pintaron o cadro de "Viva la vida" e colocaron nunha gran columna no museo os seguintes cadros elaborados por eles mesmos: "Frida y sus pericos", "Autorretrato con mono", "Frida y Diego Rivera" e "El venado herido". Tamén fixeron unhas Fridas con cartón de papel hixiénico que decoraron con flores e papel reciclado. [MUSEO FRIDA](#)

- **En relación con Luis Seoane** reproduciron o famoso cadro de “ As mariscadoras” en témpera en gran formato e colocaron nunha gran columna as reproducións feitas por todo o alumnado do cadro “ Figura”. [MUSEO LUIS SEOANE.](#)

Ademais, nunhas totebags cada neno/a reproduciu un cadro diferente de Seoane: escolleron un e debuxárono con lapis para despois colorealos con rotulador. Cada un deles tamén debuxo o cadro “El y ella” para despois expoñelos nunha cartolina.

En **SEGUNDO DE PRIMARIA (8 alumnos/as)**: traballouse o pintor **Antón Pulido Nóvoa** que naceu en Bóveda, unha das parroquias do noso concello e estivo encantado de vir a falarnos da súa obra, inaugurar o espazo creativo que leva o seu nome, fotografarse no mural exterior onde unha alumna debuxou o seu retrato e inaugurar tamén o noso museo. Investigaron e aprenderon moitísimas cousas sobre este pintor pero o que máis lles sorprendeu foi que é un home de Amoeiro, que foi mestre e estudou en diferentes lugares, moitos museos expoñen a súa obra, pertence a varias fundacións e que recibiu moitos premios entre os que destaca o que leva o nome do noso centro: Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo. O que máis lles impresionou da súa visita foi que el fai os cadros como os fai “porque lle dá a gana” e animou a todo o alumnado a buscar o seu propio estilo e pintar como eles decidan.

Reproduciron individualmente en tamaño A4 e A3, [varias obras para o museo:](#) “Camiñante”, “Camiño Vermello”, “Praia da Concheira” (Baiona), “Durmindo nas ondas”, “Nena con gorrión”, “Autorretrato”, “Retrato de Francisco Fernández del Riego”, etc. Tamén reproduciron o cadro “Abismo” (reproducida e pintada en gran tamaño),

Por outra banda investigaron sobre **Carmen Rodríguez de Legísima** coa que tamén se ilusionaron moito por ser dun concello veciño: Piñor de Cea. [As obras que reproduciron desta pintora](#) foron: “Bodegón con pan”, “Bodegón con frutas”, “Bodegón con porcelana”, “El gato de la casa”, “Florero”, “Flores” e “Autorretrato”. En gran formato fixeron unha reprodución de “Bodegón con bandeja de plata”.

O alumnado de **TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA (18 alumnos/as)** traballou con:

Salvador Dalí: realizouse un [traballo de investigación](#) (libros, rede e vídeos) sobre a súa vida e as etapas pictóricas e tamén se clasificaron varias obras. Tráballose o seu cadro máis representativo “La persistencia de la memoria” da que cada alumno/a fixo a súa versión. Tamén reproduciron en gran formato de “Las tres esfinges de Bikini”. [MUSEO DALÍ.](#)

Con Julia Minguión traballaron resolvendo retos como: Como se chamaba o famoso repartidor de xornais que retratou Julia Minguión?, Cal é o seu cadro máis coñecido?, Como se chamaba a súa cadela?, etc. De esta pintora traballáronse principalmente dúas [obras que foron expostas no museo final:](#)

- Da “Escuela de Doloriñas (1941) fíxose unha reinterpretación do cadro empregando distintas cores e mesmo engadindo detalles. Tamén se fixo a versión propia da clase: “A escola de Cristiniña”
- O outro cadro traballado foi “La Tyla y yo” (1943). Cada alumno/a trouxo unha foto coa súa mascota e fixeron o seu autorretrato tentando reproducir o mellor posible a fotografía. Na exposición final organizouse un xogo interactivo que consistía en relacionar a fotografía co autorretrato correspondente.

5º E 6º DE PRIMARIA (12 alumnos/as) fixo un traballo máis autónomo acerca de dous pintores: **Piet Mondrian e Maruja Mallo**. Investigaron sobre ambos artistas ao longo do curso e froito destas investigacións realizaron:

- Respectivas presentacións en [Genially para Piet Mondrian](#) e para [Maruja Mallo](#),
- [Unha liña do tempo de Piet Mondrian](#) en Padlet
- [Un podcast que recrea unha entrevista a Maruja Mallo.](#)

Para o museo, prepararon reproducións dos cadros máis famosos de ambos artistas e en gran formato [“A sorpresa do trigo” de Maruja Mallo](#) e [“Composition en red” de Piet Mondrian.](#)

Ademais deste último, fixeron unha pintada na parede imitando o seu estilo pictórico de cadros e cores. Para completar a exposición fixeron unha [reinterpretación da fotografía de “Maruja Mallo cuberta de algas \(1945\)”](#) fotografándose cada un deles imitando á pintora.

NA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA traballouse a Pablo Picasso conmemorando así o 50 aniversario da súa morte. Despois de investigar en diferentes libros en castelán e inglés e ver tamén vídeos en ambos idiomas [cada alumno realizou o seu retrato cubista](#) coas figuras representativas empregadas por Picasso. Ademais cada grupo traballou unha etapa:

- [Os alumnos/as de 1º curso](#) fixeron as súas versións do cadro “Niño con paloma” ás que lle engadimos as súas caras representando así o período azul do pintor.
- [O alumnado de 2º curso](#) representou o período rosa pintando cadanseu cadro “Paulo vestido de arlequín” no que tamén lle pegaron as súas caras.
- [O alumnado de 3º e 4º](#) pintou un autorretrato do pintor cando era novo centrándose no seu período cubista.
- [O alumnado de 5º e 6º reproducíu en gran formato](#) o “Guernica” e colocou nunha gran columna ao seu carón as diferentes figuras do cadro coa explicación de cada unha delas.

Para poñerlle punto e seguido ao proxecto, tivemos [unha xornada de posta en común](#) na que cada grupo/clase explicaba ao resto do centro a vida dos seus pintores/as e as obras traballadas por cada un deles.

6.- RECURSOS

Na realización deste proxecto empregáronse variedade de recursos documentais en varios idiomas que se ían expoñendo na cara dun [gran expositor](#) segundo se ían consultando; pola outra cara colouse unha [selección de libros de ficción tamén relacionados coa pintura](#). Ademais todos os mestres empregaron vídeos educativos nos que se falaba da vida e obra dos pintores e realizaron visitas virtuais a diferentes museos.

FONDOS INFORMATIVOS relacionados coa pintura adquiridos neste curso :

REXISTRO MEIGA	TÍTULO	AUTOR	EDITORIAL	IDIOMA
5208	Matisse's Garden	Samantha Friedman	MOMA	Inglés
5340	Frida Kahlo (Pequeña y Grande)	M ^a Isabel Sánchez Vergara	Alba Editorial	Castelán
5341	Frida Kahlo y su mundo de color	Altea Villa	Ecconi	Castelán
5342	El largo viaje de Joan Miró	Gemma Gallardo	Fund. Joan Miró	Castelán
5343	Pablo Picasso (Pequeño y Grande)	M ^a Isabel Sánchez Vergara	Alba Editorial	Castelán
5345	Perdido en el museo	Luisa Vera Guardiola	Combel	Castelán
5346	A que cheiran as cores?	Juan Castro Rivadulla Fdez	Galaxia	Galego
5348	La verdadera historia de los colores para niños amantes de la pintura	Eva Heller	Lóguez	Castelán
5349	Emocionarte	Simona Colpani	Duomo Ediciones	Castelán
5418	Dalí: la conquista de la fama	José Morán	Susaeta	Castelán
5419	Picasso: el pintor del siglo XX	José Morán	Susaeta	Castelán
5420	Descubriendo el mundo mágico de Frida	María J. Jorda	Océano	Castelán
5421	Descubriendo el mágico mundo de Dalí	María J. Jorda	Océano	Castelán
5422	Mironins: un libro para jugar y aprender con Joan Miró	Marcela Hattemer Trossero	Editorial GG	Castelán
5423	Miró: un artista con imaginación	Violeta Monreal	Oxford University Press	Castelán
5424	Nós outras	Marica Campo e Menchu Lamas	Chan de pólvora	Galego
5425	Meiga nova: metade anxoso, metade marisco. Pequena biografía de Maruja Mallo	Carlos Roberto Álvarez Taboada	Lela	Galego
5430	Un juego de memoria y de imaginación	Hervé Tullet	Kókinos	Castelán
5431	¡A dibujar!	Hervé Tullet	Kókinos	Castelán
5434	Salvador Dalí: el método paranoico	Willy Bloss	SD Edicions	Castelán
5435	Pablo Picasso. Little People. Big Dreams	M ^a Isabel Sánchez Vergara	Frances Lincoln Children's Book	Inglés
5436	Frida Kahlo. Little People. Big Dreams	M ^a Isabel Sánchez Vergara	Frances Lincoln Children's Book	Inglés
5437	Pablo Picasso. Activities for kids	Marisa Boan	Independently	Inglés
5438	My cup of art	VVAA	Si Bemol	Inglés
5439	100 Pablo Picasso	Violet Lemay	Duopress	Inglés
5440	Pablo Picasso: a bilingual book in English and Spanish	Marisa Boan	Independently	Inglés
5441	Meet Piet Mondrian	Read with you center of excellence STEAM education		Inglés/ Castelán
5463	Luis Seoane	Alba de Evan e Xabier Domínguez	Cumio	Galego
5467	Antón Pulido: Cantiga de Fonte Limpia	Fundación Otero Pedrayo		Galego
5468	Antón Pulido	Xesús Alonso Montero	Dep. Pontevedra	Galego
5469	Homenaxe a Antón Pulido	Instituto de estudos carballiñeses		Galego

A maior parte dos recursos empregados na realización dos produtos finais foron materiais plásticos (pintura fundamentalmente) e moito material de refugallo. O 3º ciclo, inmerso en Edixgal, tamén experimentou con diferentes aplicacións como Genially, Paddlet, etc.

7.- IMPLICACIÓN

Todo o claustro estivo moi implicado co proxecto desde o primeiro momento chegando incluso a ir ao centro nas fins de semana para poder ter todo rematado a tempo. O alumnado tamén se amosou moi implicado e motivado desde que se deu a coñecer o tema do PDI e as familias colaboraron en todo o que se lles pediu: aportando material, confeccionando disfraces, facendo de público no Entroido e como visitantes no museo e no espazo creativo.

8.- DIFUSIÓN

Toda a comunidade educativa estivo convidada a visitar tanto o noso museo como o espazo creativo Antón Pulido na última semana do curso. Os medios empregados para a difusión do noso proxecto foron os seguintes:

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedraioamoeiro/>

Blog da biblioteca: <https://bibliofaragullas.blogspot.com/>

Rede social: <https://www.facebook.com/coledeamoeiro>

Padlet: <https://padlet.com/coledeamoeiropdi/pdi-a-pintura-pintores-e-pintoras-nchl86k3eon3knz6>

Outro: Grazas á inauguración do espazo creativo e do museo por parte das personalidades xa detalladas, saímos na [PRENSA](#) (La Región, La Voz de Galicia e El Faro de Vigo) e tanto [Antón Pulido](#) como [A Fundación Ramón Otero Pedrayo](#) e o [Concello de Amoeiro](#) compartiron o proxecto nas súas respectivas redes sociais dándolle moita máis visibilidade.

Observacións: O gran pintor Antón Pulido quedou gratamente sorprendido co noso traballo e considera que lle temos que dar máis visibilidade. Así ofreceuse a volver ao centro en setembro para reinaugurar o MUSEO convidando á súa amiga e pintora Menchu Lamas (pintora do PDI).

9.- AVALIACIÓN

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado, para facer un seguimento do proxecto e realizar as modificacións pertinentes.

Ademais ao final do proxecto o profesorado participou nunha enquisa na que se valoraron diversos indicadores en canto ao proceso de ensino aprendizaxe da que se obtiveron moi bos resultados confirmando así o correcto desenvolvemento do proxecto.

Para avaliar ao alumnado tivemos en conta tanto os estándares seleccionados previamente como as competencias clave. Empregáronse diferentes instrumentos en función da etapa educativa (observación sistemática, análise dos produtos realizados, exposicións orais...).

O grado de implicación do profesorado e o alumnado, así como a calidade dos produtos finais son bos indicadores de logro que nos ofrecen unha información moi valiosa sobre o éxito do PDI.

10.- BIBLIOTECA

A biblioteca do Faragullas foi o eixo vertebrador do Proxecto Documental Integrado coordinando en todo momento o desenvolvemento do PDI organizando reunións mensuais con todo o claustro de mestres. Nestas reunións tamén se valoraba e se decidía como festexar as diferentes celebracións relacionándoas co proxecto, organizábanse actividades e repartíanse tarefas. A tarefa final da biblioteca foi avaliar e difundir o noso proxecto anual.

A biblioteca tamén se ocupou de adquirir fondos relacionados co tema e de facer unha selección tanto de fondos documentais como de ficción e expoñelos no gran expositor no vestíbulo de EI.

Por último, agradecer ao claustro de mestres a súa dedicación, traballo e esforzo porque un PDI adoita a ter un produto final pero o noso tiña tres grandes producións: O MUSEO. O ESPAZO CREATIVO ANTÓN PULIDO e O MURAL PINTADO NO MURO EXTERIOR.



Amoeiro, 7 de xullo de 2023

Patricia López Peña